


Abril 2007



DE PASEO POLA BIBLIOTECA

# Biblioteca IES "As Mariñas"

## Hai moitas razóns para ler...

- Para vivir máis.
- Para deter o tempo.
- Para saber que estamos vivos.
- Para saber que non estamos sós.
- Para saber.
- Para aprender.
- Para aprender a pensar.
- Para descubrir o mundo.
- Para coñecer outros mundos.
- Para coñecer os outros.
- Para coñecernos a nós mesmos.
- Para compartir un legado común.
- Para crear un mundo propio.
- Para rir.
- Para chorar.
- Para consolarnos.
- Para desterrar a morriña.
- Para ser o que non somos.
- Para non ser o que somos.
- Para dubidar.
- Para negar.
- Para afirmar.
- Para fuxir do ruído.
- Para combater a fealdade.
- Para refuxiarnos.
- Para evadirnos.
- Para imaxinar.
- Para explorar.
- Para xogar.
- Para pasalo ben.
- Para soñar.
- Para medrar.

... Escolle a túa!

**23 de Abril**  
**Día do Libro**



O día mundial do libro celébrase o 23 de abril, data en que morreron tres escritores de sona: o español **Miguel de Cervantes y Saavedra**, o inglés **William Shakespeare** e o cronista **Garcilaso de la Vega** ("o Inca"). Os tres faleceron en 1616.



Na nosa biblioteca hai máis de 9400 rexistros entre libros, películas e música. De seguro que entre tantos hai un especial para ti; só tes que buscalo. Halo atopar!

Este boletín contén unha pequena mostra.

## Que é a CDU?

A CDU (Clasificación Decimal Universal) é un sistema de clasificación do coñecemento que nace da necesidade de ordenar e catalogar as obras nas bibliotecas.

A un grupo principal asígnaselle un número, do 0 ao 9, e a cada nivel que deba ser creado dentro do grupo engádeselle un novo díxito.



## Gran Diccionario de Sinónimos y Antónimos



### 03 Enciclopedias e Dicionarios


**Sinónimo:** Palabra ou expresión que ten o mesmo significado ca outra ou ca outras.

**Antónimo:** Palabra con significado contrario a outra.

## Antimanual de filosofía - Michel Onfray


### 1 Filosofía

Que é o home? Como vivir xuntos? Que podemos saber? Por que o voso instituto está construído como un cárcere? Se enganásedes ao voso/a noivo /a Diríadesllo?



## Diccionario de seres míticos galegos

### 29 Mitoloxía



É unha viaxe a través da mitoloxía galega asentada na oralidade dos devanceiros e, daquela, un libro de consulta práctico, útil e fermoso ao tempo; pero tamén é unha viaxe que percorre páxinas de forte contido narrativo e lectura amena, entretida e divertida.

## Una historia de las matemáticas para jóvenes R. Moreno y J.M. Vegas


### 51 Matemáticas

Dirixido a mozos e a mozas, e a quen non o son pero que queren coñecer o fascinante mundo das matemáticas a través da súa historia. Porque a ideas matemáticas que hoxe manexamos con soltura, incluso as máis simples, tardaron séculos en xestarse.



## Gran Atlas del Firmamento

### 52 Astronomía



As espectaculares fotografías do espazo, as transparencias, os mapas e os diagramas fan deste libro a obra ideal para explorar o firmamento.

Para aprender a localizar as estrelas e constelacións desde calquera parte do mundo.


## Lo que Einstein no sabía

Robert L. Wolke

### 53 Física

Os “misterios” envólvenos: na nosa propia casa, na cociña, no traballo, no mercado, ao aire libre,... están por todas as partes.


Por que o ceo é azul? Sería máis lixeira a carga dun camión que levara pombas se estas estivesen en voo? Por que crepita un cubiño de xeo no vaso? Estas e outras curiosas dúbidas asaltáronnos algunha vez a todos.



## La tierra herida

Miguel Delibes/ Miguel Delibes de Castro

### 574 Ecoloxía e Biodiversidade




Que futuro lle agarda ao noso planeta? ¿Que mundo herdarán os nosos fillos? Ata que punto o ser humano é responsable de todos estes inquetantes cambios? E sobre todo, ata que punto estamos a tempo de evitalos ou de paliar os seus efectos?

A estas e a outras moitas preguntas responden, no seu iluminador diálogo, o notable escritor Miguel Delibes e o seu fillo, Miguel Delibes de Castro, centífico.

## Escolle ti mesmo entre os case 9500 rexistros da nosa biblioteca

## Guía das bolboretas de Galicia



Lembra que isto só é unha pequena mostra de todo o que tes na biblioteca á túa disposición.

Só che cômpre o carné e xa podes buscar e levar todo o que che interese.

Máis de 9.000 libros agardan por ti!


### 59 Zooloxía



Nesta guía estúdanse 132 especies que constitúen a fauna lepidopterolóxica galega: o seu entorno, morfoloxía e anatomía, o seu ciclo biolóxico, os seus costumes e lugar nos ecosistemas. Con fotografías a toda cor e a tamaño natural que permiten unha mellor identificación de cada unha das bolboretas.

## El enigma Vicent

### 75 Pintura




Entra no museo das aventuras! Atopa o misterioso tesouro das pinturas de Vicent van Gogh!

Coñecerás moitas anécdotas sobre a súa vida, visitarás o artista nos lugares en que viviu, veralo pintar, ata poderás ler algunhas das súas cartas!

## Esa alucinante música

### 78 Música




Conecta con todo tipo de xeniais acontecementos musicais: desde o nacemento do blues ata a asombrosa invención da gravación de son. Sintóniza a onda dos alucinantes instrumentos musicais e entérate ben da traxedia que orixinou a explosión musical máis grande da historia. Asemade, descobre como podes convertirtelo nunha estrela do pop!

## Gandhi el pacífico

### 92 Biografías

## Bécquer el romántico




A India de principios do século XX presentaba unha mestura de faquires, elefantes, encantadores de serpes, *marajás* e tamén... un montón de ingleses que se colaran na festa sen invitación, dando o cante co seu té, o seu cricket e as súas chaquetas de *tweed*. No medio daquel fantástico escenario Gandhi logrou cautivar a atención dos hindúes ofrecéndolles dous agasallos: a independencia e a paz.

Todos lle dicían que necera cun nome perfecto para facerse poeta: Gustavo Adolfo Bécquer. O malo é que coas poesías non gañaba nin para pipas. Ademais de que pasaba o día enfermo na cama. Pero aquel nome tan extraño e orixinal podía con calquera desgraza. Se deliraba con cabaleiros medievais, espectros e dragóns, facíalles escribir fantásticas lendas; se se namoraba e logo lle daban cabazas, uns poemas de amor.



## Volcán

### 911 Xeografía



Acompáñanos nunha increíble viaxe visual desde o núcleo fundido da Terra, a través da lente dunha cámara de magma, ata os ardentés ríos de lava.

Observa unha violenta erupción mentres as fantásticas imáxes dixitais che mostran un volcán como nunca o viras.


Sigue unha historia asombrosa con relatos de testemuñas directas, datos impactantes e escenas cheas de acción

O imperio romano durou centos de anos e en certo modo aínda permanece connosco. Porque entre outras cousas seguimos usando o alfabeto latino, a nosa lingua ten a súa orixe no latín e o modelo das nosas moedas é o romano.

Este libro explora os increíbles monumentos e vive as fazañas desta antiga civilización e o seu legado.


## Roma antigua

### 930.9 Historia Universal





# E a Literatura? Pois, no grupo 8




821-1 Teatro en castelán  
821-2 Poesía en castelán  
821-3 Narrativa en castelán  
821-4 Literatura xuvenil en castelán

821.1-1 Teatro en galego  
821.1-2 Poesía en galego  
821.1-3 Narrativa en galego  
821.1-4 Literatura xuvenil en galego

821-5 Banda deseñada


## Soidades de Ana– Jordi Sierra i Fabra

821.1-4



Chamábase Ana, pero agora xa só é unha lembranza. Un aborto mal practicado no seu corpo de adolescente embarazada acabou con ela.

No silencio da ausencia, a súa irmá intenta reconstruír os últimos días de Ana, cando, abandonada por todos, vese obrigada a vivir as súas máis fondas soidades.



## Don Hamlet e outras pezas. Teatro galego completo 1932– 1968

Álvaro Cunqueiro

821.1-1

Reúnense neste libro as obras de teatro escritas en galego por Álvaro Cunqueiro, desde a peza Rúa 26, publicada en 1932, ao *Don Hamlet*, cume da escritura cunqueira.

## El secreto del hombre muerto– José M. Gisbert

821-4



Un cadáver desaparece misteriosamente na cidade das canles. O mozo Luca vese involucrado nunha escura trama tras a que se oculta un importante segredo. Averigüalo poñerá en perigo a súa vida. *O segredo do home morto*, un magnífico relato onde a intriga e o misterio se unen, no incomparable marco dunha fermosa cidade do século XVIII.

## Inés del alma mía

Isabel Allende

821-3




Inés Suárez é unha moza costureira estremeña que se embarca cara ao Novo Mundo para buscar o seu home, extraviado cos seus sonhos de gloria alén do Atlántico. Arela tamén vivir unha vida de aventuras vetada ás mulleres da época na sociedade do século XVI.

## A medición do mundo

Daniel Kehlmann

821.1-3




Contra a fin do século XVIII, dous científicos alemáns emprenden a tarefa de medir o mundo. Un deles, o xeógrafo Alexander von Humboldt, logo de partir en barco desde a cidade da Coruña, ábrese paso pola selva e a estepa, navega polo Orinoco, proba no propio corpo os efectos dos venenos, métese no interior de covas, escala volcáns, encontra monstros mariños e tópanse con antropófagos. O outro, o matemático e astrónomo Carl Friedrich Gauss demostra, sen moverse da súa casa de Göttingen, que o espazo é curvo.

## Horizontes poéticos– Luciano Rodríguez

Unha viaxe pola poesía ibérica actual

821.1-2



Cinco voces poéticas e cinco linguas en diálogo con Luciano Rodríguez. Álex Susana, catalana; Felipe Juaristi, eusquera; Pilar Pallarés, galega; Luís García Montero, española e Fernando Pinto do Amaral, portuguesa.

Lembra que os libros están colocados nas estanterías segundo a súa CDU. O nome do autor/a e o título por orde alfabética son outros datos para atopalos.

